



# 2º Premio de Poesía Filomena Dato

## Un

O concello de Bergondo convoca a **segunda edición do Premio de Poesía Filomena Dato**.

## Dous

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade, de calquera nacionalidade, sempre que o orixinal que presenten estea escrito **en lingua galega**.

Non poderán presentarse ao concurso gañadoras ou gañadores en edicións anteriores.

## Tres

Fíxase un **premio único de 2000 euros**.

Sobre a contía do premio serán aplicadas as retencións oportunas.

## Catro

Os traballos cunha **extensión mínima de 500 versos**, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado.

As autoras e autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.

## Cinco

Os traballos presentaranse **por cuádruplicado**, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e paxinación numerada. Cada copia dos traballos presentarase cunha capa na que figuren o título da obra e o lema ou alcume da autora ou autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra.

A **plica** conterá no interior o nome e apelidos da autora/autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

## Seis

As obras presentaranse na **Casa da Cultura, Concello de Bergondo, (oficinas administrativas) Estrada da Coruña, 12, 15165**.

O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **31 de xullo de 2021**.

## Sete

As deliberacións do xurado son secretas. A súa decisión farase pública no mes de outubro e o acto de entrega do premio terá lugar antes do 31 de outubro de 2021, acto no que se contará coa presenza da autora ou autor. O xurado pode declarar deserto o premio.

As obras e as plicas presentadas non se devolverán e destruíranse unha vez finalizado o proceso do fallo.

## Oito

O xurado estará presidido pola **alcaldesa do Concello de Bergondo**, ou persoa na que delegue, e estará formado por outros tres membros, cuxa identidade será revelada o día do fallo do galardón.

## Nove

O orixinal gañador xunto co nome e apelidos da autora ou autor darase a coñecer aos medios despois do fallo.

## Dez

A obra premiada será propiedade da súa autora ou autor, agás a primeira edición que publicará o selo **editorial Apiario**, e presentarase coincidindo co fallo do ano seguinte. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada no **II Premio de Poesía Filomena Dato. Concello de Bergondo**.